



CONVOCATORIA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

Estimadas familias:

Coincidindo co inicio do novo curso escolar, a Xunta Directiva da Anpa As Brañas quere convocar a todos os socios á Asemblea Xeral Ordinaria que terá lugar no **auditorio da Casa da Cultura do Milladoiro** o vindeiro xoves **14 de setembro**. A reunión comezará ás **20.00 horas (20:15 h. en segunda convocatoria)** coa seguinte orde do día:

- 1) Lectura e aprobación, se procede, da acta da última Asemblea.
- 2) Presentación e aprobación, se procede, das contas da entidade.
- 3) Oferta de actividades extraescolares para o próximo curso: proposta de actividades, tarifas, novos horarios e información sobre o proceso de matrícula.
- 4) Notificación das baixas na Xunta Directiva e proposta de novas incorporacións.
- 5) Rogos e preguntas.

Lembrámosvos que para poder participar nas decisións da Asemblea é necesario ser socio da Anpa, unha condición que tamén garante prazas preferentes e tarifa reducida nas actividades extraescolares. Para facilitar o trámite de renovación ou alta de todas as persoas interesadas, adxuntamos o formulario para que todo aquel que o desexa, poida facerse socio antes da asemblea e así poder participar nela. O mesmo formulario está dispoñible na páxina web.